



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar con ALDEAS INFANTILES SOS GALICIA o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e Aldeas Infantiles SOS Galicia para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa de Apoio ao Acollemento en Familia Extensa" mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento do/a menor acollido/a mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e/o aos/ás menores.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Trátase dun recurso de apoio aos procesos de acollemento familiar de menores por membros da súa propia familia, mediante o cal facilítase o adecuado desenvolvemento do menor acollido, mediante a formación, orientación, asesoramento e apoio especializado ás familias e aos propios menores, para o cal ofreceranse outros servizos complementarios, que permiten especializar e





focalizar a intervención nas necesidades do menor, os seus proxenitores e a súa familia acollidora a través dos seguintes servizos:

- *Servizo de apoio especializado*
- *Servizo de formación*

A través deste programa as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio: a consecución do benestar dos menores en situación de risco ou desamparo, para o que se considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.

Por outra banda, Aldeas Infantiles SOS Galicia achega o valor engadido de contribuír ao financiamento do desenvolvemento do programa con fondos propios, que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social.

O convenio de colaboración como fórmula negocial é a solución máis apropiada para articular as relacións de ambas as dúas partes na procura do interese público e ao amparo do disposto no artigo 31.2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que dispón que ...”por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, o ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou convinte promover a concorrência pública”.

Pola súa banda o artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que poderán concederse, con carácter excepcional e de forma directa, entre outras, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, concorrendo as expresadas circunstancias no presente convenio.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica



A Consellería de Política Social aboará a Aldeas Infantiles SOS de Galicia para a execución deste convenio 192.765,19 € na aplicación orzamentaria 12.02.312B.481.0 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

Aldeas Infantiles SOS de Galicia comprométese a achegar a cantidade de 147.435,13 € procedentes de fondos propios da entidade.

A sinatura deste convenio require de autorización previa do Consello da Xunta.

O número de casos previstos que se atendan coa aplicación deste convenio será de 100.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela, _____

(asinado dixitalmente)

María Amparo González Méndez

